

## LABORATORIO MUSICAL 2023

### “UN VERÁN DE CINE”

## Arteixo / Educación



### Requisitos:

- Rapazada de Infantil (2º ciclo) e Primaria empadroada.
- Non empadroados: confirmarase dispoñibilidade de praza.  
Para a adxudicación de prazas realizarase sorteo que se celebrará nas instalacións do departamento de educación o día 6 de xuño ás 10 horas..

### Normas xerais de aplicación a esta convocatoria de preinscrición:

- As persoas interesadas poderán formalizar a preinscrición presencial ou a través de correo electrónico ([educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)) **do 15 de maio ao 5 de xuño. Deberán poñer no asunto campamento laboratorio 2023**
- Deberán adxuntar o impreso de solicitude.
- Non conta con servizo de transporte.

- Unha vez que se dispoña das preinscricións, contactarase coas familias para a concreción de todos os aspectos previos ao pago do prezo público.

## Temática:

### “UN VERÁN DE CINE”

De cara ao período non lectivo de verán, propónse unha actividade lúdico-educativa orientada a complementar a formación ofrecida dende a Escola Municipal de Música de Arteixo.

As/os participantes, participarán en tres propostas de obradoiros diferentes en cada xornada. Os tres obradoiros serán parte dun eixe común, e os traballos desenvolto en cada un estarán coordinados para conseguir un produto conxunto.

O obxectivo final da actividade, será a creación dunha mostra do traballo desenvolto e por tanto, do produto conxunto anteriormente mencionado: Traballarase a aplicación das novas tecnoloxías na música, desenvolverase a expresión artística mediante a creación do atrezzo así como a expresión corporal e musical.

Nesta ocasión, traballarase como contido transversal, O CINE. A través dunha metodoloxía vivencial, enfocarase a música como un elemento que está presente e guía todas as películas da historia. O auditorio converterase nun estudio de cine que nos trasladará ata os lugares máis insospeitados, favorecendo a convivencia, a creatividade e a cooperación. A música como elemento de unión será o eixe vertebrador deste obradoiro.

## CONTIDOS

BLOQUE DE ACTIVIDADE	OBRADOIROS	CATEGORÍA
<b>BLOQUE 1:</b> TRABALLOS MANUAIS, TRABALLOS PLÁSTICOS, ATREZZO E OUTROS	CREACIÓN DE ATREZZO	ARTES VISUAIS
	CARACTERIZACIÓN	MANUALIDADES
<b>BLOQUE 2:</b> ACTIVIDADES MUSICAIS	EXPRESIÓN CORPORAL	MOVEMENTO
	CREACIÓN MUSICAL	MÚSICA
<b>BLOQUE 3:</b> INFORMÁTICA PARA APRENDIZAXE MUSICAL	CREACIÓN DE BASES MUSICAIS	MÚSICA
	EDICIÓN DE PARTITURAS	MÚSICA

**Lugar de execución:** CENTRO CÍVICO CULTURAL DE ARTEIXO

**Datas:** Do venres 14 ao luns 31 de xullo, sendo non lectivos o martes 25 e o mércores 26

**Horario:** de 10:00 a 14:00h.

**Prazas:** 30

**Custo:** 40 euros

**Destinatarios:** nenos e nenas de idades entre os 4 e 12 anos empadroados



# CONCELLO DE ARTEIXO

CONCELLARÍA DE IGUALDADE, SERVIZOS SOCIAIS, SANIDADE E EDUCACIÓN

Avda. dos Bosques, 16, baixo  
15142 ARTEIXO (A Coruña)

Tel.: 981 659 121  
Email: [educacion@arteixo.org](mailto:educacion@arteixo.org)

---